

# DOG

Publícanse hoxe no DOG senllas resolucións que dán publicidade á data de posta en marcha da Axencia Galega de Sangue, Tecidos e Órganos e da Axencia Galega de Xestión do Coñecemento en Saúde.

Como é sabido a [CIG-Saúde](#) [impugnou os decretos de creación](#) destas dúas axencias, por mor das [irregularidades que vimos denunciando](#), como por exemplo a libre designación nos postos directivos. No seu momento [pedimos a retirada dos textos propostos](#), que [nin sequera foron remitidos ao Consello Consultivo](#), mais finalmente a Consellaría fixo ouvidos xordos e publicou estes decretos. Hoxe, anúnciase a data de posta en marcha para o vindeiro día 1 de xaneiro.

- RESOLUCIÓN do 21 de decembro de 2015 pola que se publica a data da posta en funcionamento da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos. [Descargar PDF](#)
- RESOLUCIÓN do 21 de decembro de 2015 pola que se publica a data da posta en funcionamento da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. [Descargar PDF](#)

Desde a **CIG-Saúde** agardamos que a xustiza poña fin a esta absoluta irregularidade e teima da Consellaría de Sanidade. O tempo e os xulgados dirán.